

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

Orde do 23 de xullo de 2003 pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia do Regulamento electrotécnico de baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto.

A Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, establece no seu artigo 12.5º que os regulamentos de seguridade industrial de ámbito estatal serán aprobados polo Goberno da Nación, sen prexuízo de que as comunidades autónomas, con competencia legislativa sobre industria, poidan introducir requisitos adicionais sobre as mesmas materias cando se trate de instalacións radicadas no seu territorio. Polo tanto, a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, está facultada para regula-la aplicación do Regulamento electrotécnico de baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto.

Nesta orde régulase a clasificación das categorías de instaladores autorizados, fíxase o formato que debe te-la memoria técnica de deseño e o informe de comunicación de accidentes, establécese, así mesmo, o órgano ó que se debe informar sobre os accidentes que se produzan e ante o que se deberá presenta-la documentación relativa ás instalacións eléctricas incluído o período de transición de entrada en vigor do regulamento.

Establécense, finalmente, as equivalencias e correspondentes validacións entre os carnés profesionais xa concedidos cos que implanta o novo regulamento.

Polo exposto, en uso das competencias que esta consellería ten atribuídas en materia de seguridade industrial e en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPÓNHO:

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é regular no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a aplicación de determinados aspectos do Regulamento electrotécnico de baixa tensión aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, en diante regulamento, así como o réxime transitorio para a execución das instalacións ás que é de aplicación o Regulamento electrotécnico de baixa tensión aprobado polo Decreto 2413/1973, do 20 de setembro.

Artigo 2º.-Clasificación dos instaladores autorizados en baixa tensión.

Os instaladores autorizados en baixa tensión clasifícanse nas seguintes categorías:

1. Categoría básica (IBTB).
2. Categoría especialista (IBTE). Esta categoría englobará tódalas modalidades que se enumeran na ITC-BT-03 do regulamento.

Artigo 3º.-Documentación e posta en servicio das instalacións.

A memoria técnica de deseño (MTD) á que fai referencia a ITC-BT-04, redactarase conforme o modelo que se inclúe como anexo I desta orde.

Artigo 4º.-Seguro de responsabilidade civil e medios.

Á entrada en vigor do regulamento, as empresas autorizadas deberán dispoñer dos medios técnicos e humanos esixidos por este, independentemente do regulamento polo cal se rexan as ditas instalacións. Nese momento deberán dispor tamén do seguro de responsabilidade civil do que a súa contía por sinistro será a establecida na ITC-BT-03.

Artigo 5º.-Accidentes.

Segundo o disposto no artigo 27 do regulamento, cando se produza un accidente que ocasione danos ou vítimas, a compañía subministradora remitirá informe del á delegación provincial correspondente, cubrindo para iso o impreso que figura no anexo II. As delegacións provinciais pola súa vez darán traslado da devandita información á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

Disposición adicional

Única.-Validación dos carnés profesionais.

Á entrada en vigor desta orde, a Consellería de Innovación, Industria e Comercio validará de oficio os carnés profesionais de instalador autorizado, ó certificado de cualificación individual en baixa tensión, categoría especialista.

Disposición transitoria

Única.-Instalacións en fase de tramitación na entrada en vigor do regulamento.

Para a execución daquelas instalacións que foran conformes co disposto no Regulamento electrotécnico de baixa tensión, aprobado polo Decreto 2413/1973, do 20 setembro, as súas instrucións técnicas complementarias e tódalas disposicións que o desenvolven e modifican, establécese un período transitorio de dous anos, a partir do 19 de setembro de 2003, sempre que antes do comezo do devandito período, se dean e se comuniquen ás correspondentes delegacións provinciais da Consellería de Innovación, Industria e Comercio as seguintes circunstancias:

a) Instalacións que requiren proxecto: que se dispoña de proxecto eléctrico ou de execución básica visado polo colexio profesional correspondente, con data anterior á de comezo do período transitorio. Comunicarase, así mesmo, a dita data de visado.

b) Instalacións que non requiren proxecto: que a execución da instalación se encontra iniciada.

Transcorrido o dito período transitorio, as delegacións provinciais procederán a declara-la caducidade dos expedientes dos que a súa tramitación non finalizara.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Segunda.-Facúltase o director xeral de Industria, Enerxía e Minas para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde e a modificación, se é o caso, do contido dos seus anexos.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2003.

Juan Rodríguez Yuste
Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO

EXP. N°

PROCEDIMENTO <i>PRESENTACIÓN DA MEMORIA TÉCNICA DE DESEÑO DAS INSTALACIÓNS ELECTROTÉCNICAS DE BAIXA TENSIÓN</i>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <i>IN614C</i>	DOCUMENTO <i>SOLICITUDE</i>
--	--	---------------------------------------

TITULAR E LOCALIZACIÓN DA INSTALACIÓN

NOME / TITULAR		NIF / CIF	
DOMICILIO (RÚA, NÚMERO E PISO)			
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

CARACTERÍSTICAS DA INSTALACIÓN

Instalación eléctrica de baixa tensión dedicada a _____
Superficie de _____ m² para unha potencia instalada de _____ Kw e unha potencia máxima admisible de _____ Kw. Tipo de posta a terra _____
Ohm

Instalación

- ☐ Nova ☐ C. tensión
☐ Ampliación ☐ C. titular
☐ Reforma ☐ C. de uso

	Nº	Potencia	TOTAL
Vivendas	_____	_____	_____
Baixos	_____	_____	_____
S. Xeral	_____	_____	_____
Garaxes	_____	_____	_____
	TOTAL EDIFICIO _____		

<i>RECEPTORES</i>	Nº	POTENCIA TOTAL kw	TENSIÓN V	<i>RECEPTORES</i>	Nº	POTENCIA TOTAL kw	TENSIÓN V

A presente memoria técnica de deseño da instalación foi feita por D/Dona _____ con NIF nº _____ instalador/colexiado nº _____ do Colexio _____

LEXISLACIÓN APLICABLE

-Orde do 23 de xullo de 2003 pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia do Regulamento electrotécnico de baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto.
-Real decreto 842/2002, do 2 de agosto.

O/A INSTALADOR/A COLEXIADO/A

de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE
EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

Delegado provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio

MEMORIA

CADRO RESUMODO CÁLCULO DE CIRCUÍTO

[illegible]

PLANO DE SITUACIÓN

Date	Time	Location	Weather	Wind	Temp	Humidity	Pressure	Visibility	Remarks

ESQUEMA UNIFILAR

DEBERASE DESCRIBIRLO CALIBRE DOS MANDOS E PROTECCIÓN E INDICAR LA SECCIÓN CORRESPONDENTE A CADA LIÑA

OBSERVACIÓNS:

SIMBOLOXÍA

	Dous conductores		Interruptor automático		Seccionador con fusible incorporado		Posta á terra
	Tres conductores		Interruptor diferencial		Interruptor - seccionador con fusible incorporado		Derivación
	Contador		Fusible cortocircuíto-fusible		Contactar relé		Motor

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO

EXP. N°

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
<i>PARTE DE ACCIDENTE INSTALACIÓN BAIXA TENSIÓN</i>	<i>IN614D</i>	<i>SOLICITUDE</i>

TITULAR E LOCALIZACIÓN DA INSTALACIÓN

TITULAR E LOCALIZACIÓN DE LA INSTALACIÓN		DNI / CIF	
NOME / TITULAR			
ENDEREZO			
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
INSTALACIÓN ELÉCTRICA DE BAIXA TENSIÓN DESTINADA A			

ACCIDENTE

DATA DO ACCIDENTE	ACCIDENTE TIPO DE ACCIDENTE A ☐ DANOS MATERIAIS B ☐ DANOS PERSOAIS	
A. En caso de danos materiais • Descrición dos bens danados: _____ • Contía dos danos: _____ B. En caso de danos persoais • N° de persoas afectadas: _____ Descrición/s da/s lesión/s: _____ Grao da lesión *¹ ☐ Leve ☐ Grave ☐ Moi grave ☐ Falecemento * ¹ Indicar nos recadros o número de persoas afectadas		

Don/Dona: En calidade de _____, da empresa subministradora _____ expide o presente parte, _____, ____ de _____ de 200__ Sinatura e selo	Nº de expediente asinado pola empresa subministradora	Nº de rexistro da instalación no Rexistro de Industria
---	---	--

LEXISLACIÓN APLICABLE

-Orde do 23 de xullo de 2003 pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia do Regulamento electrotécnico de baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto.

-Real decreto 842/2002, do 2 de agosto.

O/A INSTALADOR/A COLEXIADO/A

_____, de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME		NÚMERO DE EXPEDIENTE
		DATA DE ENTRADA
		DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

Delegado provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio

DESCRIPCIÓN DO ACCIDENTE

DESCRIBIR DUNHA FORMA AMPLA O ACCIDENTE, SINALANDO ESPECIFICAMENTE A CAUSA OU CAUSAS E OS DANOS

II. AUTORIDADES E PERSOAL**a) CESAMENTOS:****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Decreto 330/2003, do 24 de xullo, polo que se dispón que cese como presidente do Consello Social da Universidade da Coruña José Luis Méndez López.

En virtude do establecido nas disposicións adicional e derogatoria da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro (DOG nº 23, do 21 de marzo), reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro (DOG nº 208, do 28 de outubro), logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e catro de xullo de dous mil tres,

DISPOÑO:

Artigo único.-Que cese José Luis Méndez López como presidente do Consello Social da Universidade da Coruña, agradecéndolle os servizos prestados.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor ós vinte días da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e catro de xullo de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

Decreto 331/2003, do 24 de xullo, polo que se dispón que cese como presidente do Consello Social da Universidade de Vigo Alfonso Zulueta de Haz.

En virtude do establecido nas disposicións adicional e derogatoria da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro (DOG nº 23, do 21 de marzo), reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro (DOG nº 208, do 28 de outubro), logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e catro de xullo de dous mil tres,

DISPOÑO:

Artigo único.-Que cese Alfonso Zulueta de Haz como presidente do Consello Social da Universidade de Vigo, agradecéndolle os servizos prestados.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor ós vinte días da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e catro de xullo de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

Decreto 332/2003, do 24 de xullo, polo que se dispón que cese como presidente do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela Jesús García Calvo.

En virtude do establecido nas disposicións adicional e derogatoria da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro (DOG nº 23, do 21 de marzo), reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro (DOG nº 208, do 28 de outubro), logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e catro de xullo de dous mil tres,

DISPOÑO:

Artigo único.-Que cese Jesús García Calvo como presidente do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, agradecéndolle os servizos prestados.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor ós vinte días da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e catro de xullo de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

b) NOMEAMENTOS:**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Decreto 333/2003, do 24 de xullo, polo que se nomea a Emilio Atrio Abad presidente do Consello Social da Universidade de Vigo.

En virtude do establecido nos artigos 7.4º e 17.1º e na disposición transitoria primeira da Lei 1/2003,